

**JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,**

**CERTIFICA:** Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

**2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DE 2018. EXPTE. 47/142 (REXISTRO PLENO 1620/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 14.09.2017, que di o que segue:

“De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira, abriuse a plataforma do MINHFP para remitir as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2018.

**ANTECEDENTES**

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Función Pública información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Con data 7 de agosto iniciouse o procedemento para a aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2018.

En cumprimento da providencia de 5 de setembro de 2017, polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, con data 7 de setembro ditáronse as directrices para a proxección do Orzamento do ano 2018.

Coa data da sinatura electrónica que figura no informe, emitíuse pola intervención informe para valorar as Liñas Fundamentais do Orzamento.

Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC - 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2018.

**SEGUNDO.** Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello de Vigo ao



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:30

Páxina 1 de 2

Expediente 47/142

CSV: 2DE24-EE5A5-C335A-2DA3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Ministerio de Facenda e Función Pública polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión das mesmas antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2017."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 18 de outubro de 2017, quedou informada.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.

am

Vº e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2017 18:30	Páxina 2 de 2
Expediente 47/142	CSV: 2DE24-EE5A5-C335A-2DA3A	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		